

Emigran os ventos do amor ó centro dos meus ollos
Da miña boca namorada de futuro,de mar de morte
Nesta noite sen estrelas,sen lúa,sen ti

Só podo amar desta maneira,nos soños
Nadando polo mar do corazón entre morte e esquecemento
Buscando a alma do amor do mar

As mans frías de inverno palpan as túas entrañas húmidas,mudas
A morte respira,nace nas unllas de sangue de soidade

Busco horizontes na fin dos ollos
Onde dormen os namorados das estrelas de mar
Coa rosa dos ventos
Sónote a ti,non teño máis soños no corazón
No meu mar desexado vivo de paixóns

Quixen saber os pensamentos do mar
Ler o libro do seu corazón
Limpar as miñas palabras co sal do amor

Deixo as vellas historias a durmir nas nubes
Fan sombras no mar
Cando espertan fabrican temporais
Asasinan amores
Fan sangrar as mans nas redes cheas de pesadelos

Cido que morro cada vez que abro os ollos
Sen ver o mar
Morro por non verte

Están espidas as augas do mar
Do alento das túas palabras
Mar amor quérote

Fundíronse as ribeiras da miña pel,das miñas flores
Dos meus labios esquecidos nos camiños do mar da túa alma

Escribo o tempo neste papel
Emigraron os soños ó mundo dos soños,ó alén do mar
Fago palabras coa tinta dos labios entre o corazón e a alma
Escribo co lume namorado do amor do mar

Nos teus labios,na praia da soidade
Cantarei o meu amor
Nacen paraísos nas miñas palabras pensando en ti
Nace o ceo na túa ollada
O vento das túas entrañas fai que respire
Gardo silencio neste día de mar de amor

Quero atracar no teu corazón
Comer estrelas de mar no medio do universo
Nas túas ondas encarraxadas,lonxe
Lonxe das praias,das pegadas da xente
Atraco con letras namoradas na túa alma

Meu mar meu amor

Este non é o meu camiño o inferno
Aínda que a morte está presente
Tamén labios non bicados por palabras namoradas
Este é o camiño do mar do amor da vida
Non un camiño ao esquecemento
Aínda que a terra esquece mortos
Este é un camiño a liña do horizonte con nubes atrasadas

Estou preso no destino
Non me sentirei libre ata chegar a ti
Sempre ti nos ollos do meu tempo
Coa noite aparece a morte
Eu sen ti,ti lonxe no amor do mar

Tódolos esquecementos xermolan na miña memoria

Xa non soa o vento da túa alma
Está durmindo nas furnas con lamentos defuntos
Coas sombras da vida vivida
Está amor,o mar borracho
Asasina a sede coas miñas bágoas de viño

Teño o corazón,a alma,as mans
Afogadas no sangue do meu suicidio
Os rumores dos ventos atemporalados
Traen palabras mortas do mar do amor

Irei ó cemiterio dos soños onde dormen os que nunca te viron

Vivo e vivo só para ti
Vivo e respiro morte no berce dos brazos da miña nai
Vivo coa soildade da xente
Teño que beber o teu sangue,o teu suor,as túas bágoas
Teño que beberte en corpo e alma para vivir

Búscote nunha coresma de amor con semen caducado
Búscote nos peitos que un día me emborracharon
Búscote nesta noite morta,asasinada no baleiro das miñas entrañas
Búscote no lume eterno dos dedos desesperados por apalparte
Búscote co medo a atoparte

Está tímido o ar para pronunciar o teu nome
Abrázote en soños,aparece o silencio dos amantes
Teño a túa voz,os teus labios nas mans
Estou preso no pesadelo do amor do mar

Chegas silenciosa amodiño
Espertas co tacto os meus labios
Fas arder tódalas formas do meu corpo
Só ti vives no meu alento,abres os meus ollos
Fas que soñe nos teus soños,mar de amor

Ti descoñecida no meu camiño
Acaríñote as escuras
Son unha pantasma buscando un corpo
Son o que fai palabras como poeta
Con palabras alimento a vida dos camiñantes
Dos buscadores do amor do mar

O ceo ponse sempre da cor que queren os teus ollos
Empeza a primavera cando queiran os teus dedos
Movese a natureza ó redor do teu universo
Eu preso nas lembranzas xermolo choiva
Afogo esperanza de vida namorada no mar do amor

Espérame un barco fondeado na ría da vida
Enfronte dunha praia senlleira
Sen pegadas, sen nada, sen ninguén, silencio
Os meus soños non duran no tempo
Nada dura nesta vida sen amor sen mar

Naveguei en tódolos barcos do vento
Buscando a Moby Dick
Buscando a illa do tesouro dinlle a volta o mundo en oitenta días
Fixen vinte mil leguas de viaxe submarino
Mais estou só
¿onde van todos esos mariñeiros compañeiros?

Mar, amor son palabras de sangue
Fan feridas na soildade da alma

Pérdome dentro da miña sombra, no silencio
O vento perdesce no ar do amor do mar
Bule polas miñas veas o tempo fuxido
Minutos de sangue, onte tinxiron as miñas palabras

Pensei coñecer os teus segredos
Os teus temporais, a túa noite
Son naufrago do teu camiño
Mamo nos teus peitos salitre
Asasino a miña inocencia infancia

Ti falas palabras feitas de auga
Ámote mudo enchendo a túa boca de palabras

Cando chegue a ti, chegarei á morte
Lerei o meu propio destino sangrado
Nas túas ondas mar amor
Somos no tempo a nosa propia morte

Dorme o sol no espello dos teus ollos
Pérdome nos abrazos dunha mentira
Na traizón dun camiño amante
Calo coas pingueiras de sangue do vento

Abre a noite nos meus ollos, apareces
Apareces cos labios floreados de sorrisos

Fun sempre prisioneiro das sombras dos soños de amor
Vou no vento como gaivota onde non existe o tempo
Onde durmo nos soños do amor do mar

Ninguén molesta o meu silencio condenado a vivir morto
Achico os días de respirar descoñecendo a miña propia morte
Non ten dor a morte para min
Eu naveguei na inmensidade do mar do amor

Escoito cancións de sereas no nordés
Agora o meu corazón canso deixa de pronunciar o teu nome
Viaxó coma Ulises a ningures sen verte
Doulle os últimos alentos ó temporal da vida
Nesta crónica dunha morte anunciada

Hai unha cruz de pedra no bío
Onde morren afogadas en salseiros as flores de namorar
Onde o mar do amor arde no inferno
Na Costa da Morte
O silencio esgázame a gorxa
Nunca te apalparon os meus poemas

Trema a noite nos teus ollos de auga salgada
Quero beber na fonte da túa mirada poemas
Agocharme nas túas furnas
Na soildade do silencio dos amantes
Quero saborear o estase do teu sangue na miña boca
Treman os lóstregos no leito das estrelas
Trema o teu nome na miña voz de amor de mar

Tódolos faros iluminan os teus ollos
Escriben nas veas do vento palabras de luz
Es o futuro deste camiño amargo
Mentres emborráchome no teu esquecemento

Fúrame a pel a túa imaxe de amor de mar
Por dentro estou baleiro
O sangue nas mans dime que aínda respiro
A imaginación Carréxame ao desexo
Vivo nun delirio nos soños do tempo
Na brétema do inverno
Vivo na sombra da túa imaxe mar de amor

Pérdense os días no ceo da miña ilusión
Non hai pegadas no vento da illa
Péchanse as portas do teu camiño
Nace fume nos meus ollos desesperados
Morren os poemas nas meus labios calados
Tódolos días teñen o teu xeito

Non dou atracado o meu destino no teu porto
As bágoas do vento andan á valga no müelle da miña ausencia
Escoito linguas, rumores, faladurías da vida
Son sombras nos latexos do corazón do amor do mar

Este poema aínda non ten historia, poesía
Fuxe o meu corpo xa non queda ninguén
Ninguén quere ser mar de amor nas mans do poeta
Ninguén quere ser letras no vento do esquecemento
Na Costa da Morte

Ardo no inferno sen deixar pegadas no día
Non teño volta atrás neste camiño ó destino
Esquecín o regazo da miña nai
Esquecín o neno buscador de tesouros

Búscote comprando soños de viño
O futuro está regado de bágoas embotelladas
Atopareite, deixarei de respirar, de ter medo
Todo o que nace morre
Mais ti viviras eternamente na vida da Costa da Morte

Déitome aquí esta noite
Todo é vida no camiño das estrelas
Fanme falla poucas palabras e moitos sentimientos
Para ver o meu destino no mar do amor

Respiro en tódalas fontes do amor do mar
Non noto o peso da alma no camiño
Nace o alento andando polas miñas veas
Aínda caen murchas as follas dos calendarios

Bebo cada segundo o beberaxe de atoparte
No mar de amor eterno